


2ºED. RESIDENCIAS ART—LAB IGFAE



IGFAE

ART—LAB

IGFAE, Instituto Galego de Física de Altas Enerxías, é un centro de investigación mixto da Universidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia, creado no 1999. O seu obxectivo principal é a coordinación e o fomento da investigación científica e técnica nos campos da Física de Partículas, Astropartículas, Nuclear e campos relacionados.

IGFAE desenvolve tanto investigación teórica como experimental e de transferencia e participa en grandes infraestruturas científicas como o CERN, o Observatorio Pierre Auger, LIGO, GSI/FAIR, etc. Foi o primeiro centro galego en ser recoñecido como Unidade de Excelencia María de Maeztu por parte do Ministerio de Ciencia e Innovación. Así mesmo, IGFAE pertence á rede de centros CIGUS da Xunta de Galicia, que acredita a calidade e impacto da súa investigación.

Coa vontade de dirixir e estruturar o seu labor cara a unha investigación e unha innovación máis responsables (RRI, Responsible Research & Innovation) coa sociedade e a súa contorna máis inmediata, o centro puxo en marcha nos últimos anos os IGFAE Labs: ArtLab, EduLab e TechLab. Tres espazos para debater novas iniciativas con actores externos e colaboradores do IGFAE. En concreto, Art—Lab é un espazo de diálogo entre arte e ciencia composto por persoal investigador do IGFAE e colaboradores externos que propoñen e desenvolven novas ideas para fomentar as conversacións entre as distintas disciplinas.

Este laboratorio, creado co gallo da primeira acreditación como Unidade de Excelencia María de Maeztu no ano 2017, fomenta iniciativas cuxo obxecto sexa tender pontes entre a sociedade e a comunidade investigadora mediante distintas expresións artísticas, impulsando a reflexión, colaboracións e espazos de investigación nesta intersección, así como o uso da imaxinación e o pensamento creativo.

Deste modo xurdiron proxectos expositivos como *Cosmoxías* (con Irene Dubrovsky, Pazo de Fonseca, 2019) ou *Instrumentos de visión* (con Armin Linke, Mónica Bello, Arts at CERN, Igrexa da Universidade, 2024) ou ciclos como *Transfronteirizas* (desde 2020).

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia, entidade colaboradora coas residencias **ART—LAB IGFAE**, foi constituída o 27 de decembro de 1999, como “organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de xeito duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da Institución”. Constitúe o obxecto da Fundación Cidade da Cultura de Galicia a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio para a interacción cultural.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia concíbese como unha plataforma de proxectos para o desenvolvemento da cultura e da sociedade galega; crea oportunidades e dinamiza o conxunto do sistema cultural galego a través do impulso e a proxección cultural no seu sentido amplo, innovador e internacional.

RESIDENCIAS ART-LAB IGFAE ofrécese como unha plataforma experimental para posibilitar que os e as artistas exploren o potencial e as implicacións da física traballando nos posibles nexos entre arte e ciencia.

O/a artista residente terá un espazo de traballo no IGFAE durante un máximo de 8 semanas e un mínimo de 3 semanas, e disporá doutro espazo na Cidade da Cultura durante un máximo de 6 semanas e un mínimo dunha semana.

Así mesmo, disporá dunha tutoría científica/artística mediante colaboracións con investigadores do IGFAE e mentores.

Isto permitiralle descubrir proxectos de investigación científica, os seus obxectivos, os métodos empregados e enfoques experimentais ao tempo de pór en diálogo estas experiencias e procesos coa mentoría artística.

O obxectivo da residencia é desenvolver un proxecto artístico relacionado coa investigación realizada no IGFAE, permitindo así a exploración, por parte da institución, de formas alternativas de comunicación coa arte e a sociedade.

O formato do proxecto artístico é totalmente aberto (pintura, escultura, fotografía, artes de acción, arte obxectual, arte sonora, arte en rede, arte interactiva, arte participativa, entre outras). A proposta debe abrirse ás novas perspectivas no campo da arte, da ciencia, da tecnoloxía e da sociedade. A obra de arte proposta pode ser totalmente nova ou unha ampliación dunha obra en curso.

A primeira fase da residencia consistirá no desenvolvemento da proposta artística, entrando en interacción cunha comisión de persoal investigador, proposta polo IGFAE, que actuará como tutoría.

Para familiarizarse co programa de investigación do IGFAE, disporá dun espazo de traballo no propio centro, permitíndolle descubrir dentro de diferentes investigacións e proxectos, os seus obxectivos, os métodos científicos empregados e os enfoques experimentais desenvolvidos.

A persoa seleccionada recibirá unha formación en seguridade laboral neste sector.

Dependendo da natureza do proceso artístico resultante, a elaboración e a montaxe da obra final realizaranse no IGFAE ou na Cidade da Cultura ou no medio ou soporte correspondente.

Nesta fase o/a residente poderá contar co asesoramento artístico e curatorial que se disporá para este fin.

Na fase final, a obra de arte estará rematada e presentarse nunha exposición na Cidade da Cultura antes do remate do ano en curso no que finalice a residencia.

A convocatoria está aberta a artistas (maiores de 18 anos) ou colectivos artísticos relacionados co contexto artístico contemporáneo galego.

Está dirixida a artistas que desenvolvan a súa creación nos eidos da pintura, escultura, fotografía, artes de acción, arte obxectual, arte sonora, arte en rede, arte interactiva, arte participativa, entre outras, e que cumpran cos seguintes criterios:

- _ A convocatoria RESIDENCIAS ARTLAB IGFAE 2026 convida os e as artistas ao achegamento ás areas de investigación do IGFAE.

- _ Artistas con vontade de reflexionar sobre novos modelos de investigación social, sobre as potenciais sinerxías entre arte e ciencia, procurando novos métodos de intercambio e investigación.

- _ Artistas con interese na investigación científica e tecnolóxica.

- _ Artistas que queiran ampliar a súa conexión co eido da física e establecer un diálogo coa comunidade científica do IGFAE.

- _ Artistas cunha capacidade demostrada para traballar de forma colaborativa e flexible nas fronteiras disciplinares.

Os documentos solicitados deberán enviarse por correo electrónico a artlab@igfae.gal e poderán estar escritos en galego ou castelán.

- _ Formulario de inscripción cuberto e asinado.
- _ Descripción detallada do traballo artístico que se vai realizar.
(Máximo 300 palabras)
- _ Breve descripción das expectativas do/a artista con respecto á colaboración coa comunidade científica, así como os recursos necesarios para iso. (Máximo 600 palabras)
- _ Plan de produción do proxecto de investigación artística, cronograma e estimación de custos desagregados por partidas.
- _ Dossier artístico que inclúa proxectos e obras anteriores cunha breve biografía.

Unha comisión de selección de proxectos formada por cinco persoas, dos seguintes ámbitos: representantes da Fundación Cidade da Cultura, IGFAE, académicos do eido da creación e investigación artística, xunto a expertos externos en colaboración entre arte e ciencia avaliará as propostas presentadas e seleccionará o/s e a/s artistas en residencia.

Todos/as os/as solicitantes serán informados/as do resultado por correo electrónico.

Os nomes dos/as gañadores/as publicaranse nos sitios web e redes sociais do IGFAE e Cidade da Cultura.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, o xurado requirirá á persoa aspirante que o corrixa nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicando que de non facelo, a solicitude será rexeitada.

_ Un espazo de traballo no IGFAE durante un máximo de 8 semanas e un mínimo de 3 semanas, tutoría científica in situ por persoal de IGFAE como mentores científicos e asesoramento artístico e curatorial durante o desenvolvemento do proxecto por un profesional con experiencia no comisariado e na xestión de proxectos artísticos.

_ Un espazo de traballo no espazos REGA da Cidade da Cultura durante un máximo de 6 semanas e un mínimo dunha semana.

_ Aloxamento nunha residencia universitaria durante os meses da residencia e nas datas que se puideran precisar para participar en actos e actividades derivados da mesma.

_ A difusión do proxecto en publicacións e redes do IGFAE e Cidade da Cultura.

_ Unha bolsa de 8.000 euros (se a oferta gañadora é presentada por un colectivo, os honorarios do e da artista, os gastos de produción, así como o desprazamento repartiranse entre os membros do colectivo) na que se inclúen honorarios, gastos de produción, viaxes e manutención.

_ O/a artista conservará o título legal e a propiedade da obra de arte creada na residencia.

_ Creación e produción dunha obra artística relacionada coa investigación realizada no IGFAE que abre novas perspectivas no campo da interacción da arte, da ciencia, da tecnoloxía e da sociedade.

_ Participar en dúas conversas ou eventos públicos, ao comezo e ao final da residencia en IGFAE.

_ Manter un blog público proporcionado polo IGFAE para documentar a súa experiencia artística/científica e o seu proceso de traballo durante a residencia. As iniciais e logotipos de IGFAE estarán presentes neste blog.

_ Asistir á montaxe e presentación da obra de arte creada durante a residencia nunha exposición final na Fundación Cidade da Cultura.

_ Incluír o seguinte recoñecemento en todas as futuras exposicións e documentacións do traballo realizado nesta residencia: “Este proxecto foi desenvolvido/a no Programa de artista en residencia ARTLAB IGFAE en cooperación co IGFAE e Fundación Cidade da Cultura”.

_ Data límite para presentar solicitudes:

1 de febreiro de 2027

_ Anuncio da decisión do Comité de Selección e decisión final:


26 de febreiro de 2027

_ Período de residencia:

Entre o 22 de marzo e o 30 de maio de 2027

_ Exposición:

2027



IGFAE

ART—LAB

RESIDENCIAS ART—LAB IGFAE